A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

Campos de concentración e prisións en Galicia (1936-1940)

Xosé Manuel Suárez Martínez

Presidios improvisados en Ferrol

Tralo triunfo da rebelión militar o 22 de xullo do 36 nesta cidade, protagonizada por oficiais de Mariña e do rexemento de artillería de costa, comezan as detencións de militantes republicanos, galeguistas, socialistas, anarquistas, comunistas e sindicalistas, como no resto das cidades e vilas galegas. Os detidos son repartidos en lugares improvisados: cuarteis, barcos, prisións civís e militares. Para os que logo, despois do 24 de xullo, serán obxecto de execucións ou penas de cadea utilizáronse a prisión da Escollera –no dique do Arsenal–, buques como o "Plus Ultra" (da compañía de pasaxe Trasmediterránea), o transporte da Armada "Contramaestre Casado" e o mercante "Genoveva Fierro", mentres o Exército usaba os seus cuarteis e o castelo de San Felipe. Estes presidios provisionais estiveron abertos á intervención de axentes –baixo ordes do xefe de Policía ou do Delegado de Orde Pública– para eliminar ós que escolleran sen atrancos. Dos cárceres de Mariña (no Arsenal e porto) coñecemos cifras de detidos, con datas de entrada e saída. No cadro que segue podemos ver a súa evolución.

Cadro 1. Detidos en prisións da Armada. Ferrol, 1936-1939

	Escollera	"C. Casado"	"Plus Ultra"	"G. Fierro"	Total
26-7-36			567		567
10-8-36	172				172
27-8-36	220				220
2-9-36	240		548		788
1-10-36	232		392		624
8-10-36				277	277
1-11-36	226			216	442
1-12-36	198	143			341
1-1-37	188	98			286
1-1-38	189	141			230
1-4-39	257				257
Medias	213	127	502	246	395

Fonte: documentación de cárceres, AXZMC.

O "Plus Ultra" foi empregado como prisión desde finais de xullo ata outubro, cando os detidos deberon pasar ó incautado "G. Fierro". Dende o 1 de decembro hai datos do "Casado". Os 567 detidos do comercial "Plus Ultra" a 26 de xullo son todos membros da Armada, deles só 6 oficiais, o resto son auxiliares, maquinistas, cabos, mariñeiros e fogueiros. O 10 de agosto embarcan nese buque reos civís que proceden do cuartel de artillería (57) e do de infantería de Mariña (36), chegando o número de detidos a uns 650; sumados ós da Escollera facía unha cifra de 820 encarcerados de carácter "político". Segundo as medias, son os buques "Plus Ultra" e "Genoveva", sobre todo o primeiro, os que ofrecen máis ocupación, inda que en menos tempo cá Escollera, o centro máis utilizado, cunha media de douscentos reos. A primeiros de setembro do 36 habería 788 apresados de Mariña, e a partir desa data as cantidades redúcense, con altibaixos en 1937 –entre 165 e 441 presos– para manterse por riba de douscentos en 1938 e 1939.

Nos partes diarios dos cárceres –a precisión da burocracia militar deixounos os nomes dos responsables– anotouse a quen eran entregados os presos, sabemos por eles que os executados irregularmente entre agosto e outubro de 1936 son sacados da Escollera e do "Plus Ultra" por mandato do Delegado de Orde Pública ou ben do xefe de Policía. Sabemos os nomes dos presos sacados por este medio para ser linchados sen xuizo nos cemiterios de Canido –camposanto hoxe desaparecido, no seu lugar edificaríase un instituto de ensino medio– e no parroquial de Serantes. A cantidade de paseados chega a 134 nomes, militantes de partidos da Frente Popular e sindicalistas víctimas de execucións sen xuizo previo xunto a membros da Armada (auxiliares, cabos, mariñeiros, fogueiros) comprometidos ideolóxicamente co Goberno da República. Os presos da Escollera e dos barcos do Arsenal foron obxecto ademáis de consellos de guerra que condenaron en moitos casos a morte por rebelión militar tanto a militares como a civís, de maneira que no Arsenal prodúcense, entre 1936 e 1939, 144 fusilamentos, e no castelo de San Felipe, prisión para procesados e condenados en consellos de guerra do Exército, 70.

Prisión de Santa Isabel (Santiago)

Este antigo cuartel acolliu en 1940 a mil cincocentos presos, a maioría do sul da Península (Andalucía, Murcia,...). A maior parte declara que sabe ler e escribir, están casados e levan entre un e seis meses na prisión santiaguesa cando son inscritos no padrón municipal como transeúntes.

Son gran maioría os reos de Sta. Isabel procedentes do mundo rural; os clasificados coa expresión "campo" ou "campesiño" significan o 55 por cen, xunto a labregos, xornaleiros, braceiros e oficios artesanais: esparteiro, esquilador, arrieiro, guarnicioneiro..., ó lado da presencia menor en conxunto e variada de profesións de núcleos urbanos (albaneis, comerciantes, industriais, barbeiros, panadeiros, carpinteiros, zapateiros, obreiros e funcionarios diversos...) ata completar un abano de máis de noventa profesións diferentes .

O estudio das procedencias dos reos de Sta. Isabel amosa que son dúas rexións as que fornecen de material humano á prisión: Andalucía e Murcia, xuntas abranguen o 95 por cen dos efectivos.

Cadro 2. Orixes dos presos de Sta. Isabel (1940).

País / rexión	Nº	Porcentaxe
Andalucía	985	66
Aragón	5	0,33
Asturias	3	0,20
Cantabria	1	0,06
Castela-León	4	0,27
Castela-A Mancha	13	0,87
Cataluña	6	0,40
Comunidade Valenciana	9	0,60
Extremadura	6	0,40
Galicia	13	0,87
Murcia	436	29
Navarra	1	0,06
País Basco	1	0,06
A Rioxa	2	0,13
Brasil	1	0,06
Portugal	1	0,06
Total	1.493	99,37

Fonte: padrón municipal de Santiago, 1940.

Da rexión andaluza son as provincias de Granada (448 presos, 30 por cento do total), Xaén (375, 25 %) e Málaga (147, 10 %), con gran diferencia sobre as outras desa zona, as que proven de máis efectivos ás celas da prisión compostelá. Da rexión murciana é Albacete (428 presos, 29 %) a orixe máis repetida. A explicación deste feito atópase na evolución das frontes de guerra desde 1936, son as derradeiras zonas en caer baixo o avance das tropas do xeneral Franco.

No seguinte cadro expresamos as idades dos presos que se reflicten nunha mostra de 584 casos. A menor idade atopada é de 19 anos, a maior de 71. Os encarcerados menores de 41 anos significan o 64 por cento, o grupo de idade máis numeroso é o de 31 a 40 anos, seguido polo de 21 a 30, son idades que se corresponden co dos homes chamados a filas, ou voluntarios, para combatir, polo que entendemos que boa parte dos presos eran soldados no exército republicano, e que outra parte, non despreciable en número, serían cargos públicos, de partido ou sindicais.

Cadro 3. Idades dos presos de Sta. Isabel

Grupos	Número	Porcentaxe
-21 anos	4	1
21 / 30	153	26
31 / 40	218	37
41 / 50	119	20
51 / 60	62	11
61 / 70	28	5
+71 anos	1	0
Total	584	100

Fonte: padrón municipal de Santiago, 1940.

Campo de concentración de Cedeira (A Coruña)

Na praia da Magdalena desta vila funcionou de 1937 a 1938 un *Campo de concentración de Presentados y Prisioneros*, para acoller primeiro ós capturados en barcos no Cantábrico que intentaban chegar a Francia. A súa apertura debeu coincidir coa caída de Asturias, co final da fronte norte, en outubro de 1937, inda que Javier Rodrigo (VV. AA., 2003: 24) relaciona a posta en funcionamento dos campos de concentración de Cedeira, Ferrol, Muros, Rianxo e Camposancos, a finais de xullo e principios de agosto dese ano, coa ocupación de Santander (26 de xullo) e a consecuencia da rendición máis masiva da guerra: 50 mil presos. Apurado o cerco sobre Asturias, os que intentaban fuxir desde portos asturianos a Francia en mercantes e pesqueiros eran apresados por barcos da flota nacional e levados a Ribadeo, Ferrol e A Coruña. Logo se lles distribuía polos campos de concentración costeiros (Cedeira, Rianxo, Muros) para ser identificados e clasificados en función da súa "perigosidade" política.

O campo de Cedeira créase aproveitando tres edificios de fábricas de conservas de peixe; dependente da 8ª Rexión Militar estaba vixíado exteriormente por soldados, mentres dúas ducias de milicianos falanxistas fan a garda interior, un por cada pabellón en turnos de oito horas. O recinto, a menos de cen metros do núcleo da vila mariñeira, estaba rodeado por un valado de catro arames de espiños sostidos por estacas de piñeiro. O chan de cemento dos barracóns, con muros de mampostería e cuberta a dúas augas de tella, cubríase de palla, que servía de leito a uns presos que en 1937 son 369, o 70 por cento proceden de Asturias, e son moitos labregos, xornaleiros e obreiros. Hoxe non queda nada desas instalacións; sobre un lugar que veu o sufrimento e a incertidume dos privados de liberdade, transcorre agora un tranquilo paseo marítimo.

Segundo datos oficiais en marzo de 1938 a poboación reclusa de Cedeira ascendería a 724 reos, mentras en agosto cae ata 28 e pouco despois sería cerrado. Testemuñas orais falan dun número indeterminado de presos executados na praia de Vilarrube (Valdoviño). Os reos recibían a terrible visita de falanxistas que se adicaban a percorrer os campos para identificalos. Entón eran sacados para consello de guerra: normalmente a Camposancos.

Cadro 4. Orixes dos presos do campo de concentración de Cedeira (1937)

Orixe declarado	Nº	Porcentaxe
Asturias	254	68.8
Galicia	46	12.4
Castela-León	28	7.5
País Basco	13	3.5
Cantabria	8	2.1
Aragón	4	1
Castela-A Mancha	2	0.5
Cataluña	2	0.5
Com. Valenciana	2	0.5
Andalucía	2	0.5
Madrid	1	0.25
Estranxeiro	6	1.6
Non consta	1	0.25
Total	369	

Fonte: rectificación do padrón de 1937 de Cedeira, Arquivo Municipal.

Entre os retidos no campo cedeirés había unha muller, de nacionalidade austríaca e de profesión mariño. O resto de estran-

xeiros eran 2 portugueses, 1 cubano, 1 arxentino e 1 estadounidense. Algúns, para esconderse de represalias, agachaban a súa identidade baixo orixes, profesións e nomes falsos, como son os casos dos xornalistas Vega Pico e Juan Antonio Cabezas, que ocultaban a súa identidade con apelidos falsos para que non descubrisen a dous redactores de Avance, o periódico xixonés portavoz do *Consejo de Asturias y León*, goberno presidido polo socialista Belarmino Tomás como Delegado da República. Ámbolos dous xornalistas saíran dese porto asturiano na data que marca o derrubamento da frente norte: o 20 de outubro de 1937, de noite, nun barco de pesca, o "Montseny", ateigado de xente que sería desviado a Ferrol polos navíos da Mariña franquista, xunto a vinte navíos máis cheos de fuxidos, e logo a Coruña. Tras pasar un mes no porto coruñés, sen saír en ningún momento do barco, serían trasladados a Cedeira; á chegada ó porto son recibidos pon un grupo de mulleres enloitadas, familiares dos represaliados na vila mariñeira, que se encargarían logo de levarlles ós presos do campo cestas con ovos, peixe, queixo e froita. Os xornalistas, despois de case un ano, serían identificados e trasladados a Camposancos. No consello de guerra pena de perpetua para Vega e de morte para Cabezas (conmutada despois) por desempeñar a súa profesión de narradores do diario. Outras traxectorias particulares que coñecemos son:

- Vicente Aguinaga, 27 anos, natural de Tafalla, Navarra, oficinista. Oficial de milicias detido en Xixón, foi condenado a perpetua en consello de guerra celebrado en Camposancos.
- Silvino Menéndez, 26 anos, mariñeiro de Avilés, suicidouse no campo por aforcamento.
- Eduardo López, 26 anos, de Llanes, carpinteiro, afiliado a UGT. Voluntario na fronte de guerra, condenado a 20 anos.
- Antonio Rojas, 54 anos, de Santander, carpinteiro. Reclusión perpetua, falece na prisión de Figueirido (Pontevedra) por tuberculose pulmonar.
- Andrés Fernández, 19 anos, de Siero (Asturias), mineiro. Condena: 20 anos.
- Adolfo Labrego, 27, de San Esteban de las Cruces-Oviedo, marmorista. Condena: 20 anos.
- Crisanto Prendes, 35 anos, de Avilés, empregado. Fusilado en Pontevedra o 2 de xullo de 1938. De CNT, xefe do comité de guerra de El Musel.

Os presos do campo de concentración de Cedeira foron incluídos no padrón municipal de 1937, como transeúntes. Igual sucedeu cos presos de Sta. Isabel (Santiago) e cos de Celanova.

Cadro 5. Idades dos presos de Cedeira (1937)

Grupos de idades	Nº	Porcentaxe
-16 anos	4	1
16-20 anos	67	18
21-25 anos	101	27
26-30 anos	82	22
31-35 anos	50	13.5
36-40 anos	30	8
41-45 anos	14	4
46-50 anos	5	1.3
51-55 anos	6	1.6
56-60 anos	4	1
+60 anos	0	0
Non consta	6	1.6
Total	369	

Fonte: rectificación do padrón de 1937 de Cedeira, Arquivo Municipal.

Vemos unha clara maioría da mocidade, case a metade (o 46%) son menores de 26 anos, con tres presos de só 15 anos e un de 14. O 81.5 por cen tiña menos de 36 anos, mentras só oito de cada cen sobrepasaba os 40.

Traballadores do agro (labregos e xornaleiros, estes coa dúbida de que poden tratarse de traballadores non cualificados da industria, por exemplo da construción naval) e mariñeiros, constitúen os grupos profesionais máis representados no conxunto de presos, ós que hai que engadir obreiros industriais e artesáns. Tamén hai membros do funcionariado, do sector servicios e de profesións liberais, pero en menor número.

Como testemuño oral ofrecemos esta nota que nos enviou o fillo do preso José Orenga, de 23 anos:

"(...) mi padre hablaba muy poco de su experiencia en campos de concentración (creo que la guerra fue un gran trauma para él). Yo todavía recuerdo el terror con el que se escuchaba en mi casa Radio París o la Pirenaica siempre pendientes del más mínimo ruido que pudiera sentirse al otro lado de la puerta de la calle.

"Lo que puedo contarle es que mi padre fue apresado en Gijón en donde estaba simplemente haciendo la mili primero como chófer de ambulancias y después como chófer personal de algún alto jefe militar. Era del reemplazo del 35 y era un simple soldado. Lo cogieron cuando Gijón cayó en manos del ejército franquista.

"En cuanto a filiación, mi padre y sus amigos de entonces en Castellón eran algunos simpatizantes y otros militantes del PSOE y de la UGT aunque no puedo precisar a qué grado de militancia o simpatía llegó mi padre. En cualquier caso, su internamiento en campos de concentración no se debió a militancia política alguna sino sólo a su condición de miembro de reemplazo del ejército legal de la República".

Camposancos (A Guarda, Pontevedra)

Tamén no outono do 37 comezou a funcionar como campo de concentración o antigo convento xesuita de Camposancos, preto da desembocadura do Miño, no concello de A Guarda. Nesta prisión establécese o Consello de Guerra Permanente nº 1 de Asturias para realizar consellos de guerra ós numerosos presos desa rexión, que funciona ata o 19 de outubro de 1938, data do seu derradeiro xuizo en Camposancos; inda que o maior número de presos provén de Asturias nos primeiros meses, desde o outono de 1937, logo a orixe é moi variada, segundo podemos determinar a partir dos datos do rexistro civil que se refiren ás defuncións por enfermidade ou traumatismo.

Cadro 5. Orixes, número e datas de presos falecidos en Camposancos (1937-1941)

Asturias	18/11/37 – 5/4/38	8
País Basco	8/12/37 – 4/5/41	3
Andalucía	17/8/38 – 2/5/39	2
Castela-León	7/3/38 – 29/4/40	5
Cataluña	8/2/39 – 6/5/39	14
Com. Valenciana	22/3/39 – 21/10/40	5
Aragón	6/4/39 – 6/4/39	1
Galicia	6/5/39 – 31/8/41	2
Castela-A Mancha	26/3/40 – 28/8/41	22
Cantabria	9/4/40 – 13/7/40	5
Extremadura	26/12/40 – 21/1/41	3
Non consta	1941	2
Total	... .	72

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de Laruelo Roa (1999).

O cadro anterior é explicativo en canto ás procedencias da poboación reclusa e en que época se achaban en Camposancos, que gardan a veces relación coa evolución das frontes de guerra, como sucede coa presencia dos cataláns, que coincide co final da ofensiva nesa rexión en febreiro de 1939. O valor das cifras é relativo para

deducir a contía dos presos de cada rexión, xa que no número de falecidos influiron a idade e o estado físico, non só a súa cantidade.

Cadro 12. Idades de presos de Camposancos (1937-1941)

Tramos	Falecidos	Condenados	Total	%
16-20	9	8	17	5.2
21-25	9	61	70	21.5
26-30	9	79	88	27
31-35	5	46	51	15.6
36-40	9	30	39	12
41-45	5	16	21	6.4
46-50	5	9	14	4.3
51-55	4	4	8	2.4
56-60	6	2	8	2.4
61-65	7	1	8	2.4
66-70	3	0	3	0.9
Non consta	1	10	11	3.4
Totais	72	254	326	

Fonte: elaboración cos datos de Laruelo Roa (1999).

Inda que as mortes por enfermidade están máis repartidas nos diferentes tramos de idades, abundan os casos de mozos condenados en consellos de guerra de Camposancos con maioría de casos entre 21 e 30 anos (48.5 %); os menores de 36 anos significan o 70 %.

Respecto ás profesións, ó igual que en Cedeira a máis abundante é a de labrego, seguida polas de mineiro, xornaleiro e obreiro industrial. Con menos contía aparecen as de ferroviario, mariñeiro, conductor, carpinteiro e albanel. Non faltan representantes do sector servicios: empregados, industriais, dependientes, mestres.

Outros campos e cárceres. Condicións de vida

En Galicia erguéronse campos seguindo a maioría unha localización costeira, para aproveitar o transporte marítimo; así, ademais de en Ferrol, Cedeira e A Guarda –como xa vimos–, funcionaron instalacións presidiarias en Betanzos (nunha vella fábrica de coiros), Muros (de setembro a novembro de 1937), Rianxo, Padrón, A Pobra do Caramiñal, no antigo lazareto da Illa de San Simón (Redondela), no mosteiro de Oia, no cuartel de Figueirido (Pontevedra), e aparte destas instalacións en edificios

improvisados para realizar a función de clasificación, funcionaron cárceres para presos políticos nas capitais provinciais, en Vigo, Monforte de Lemos, Tui, Oseira (con dous centos de presos en 1937 encerrados no mosteiro) e Celanova, este no convento de San Salvador, no centro da vila, para desconxestionar a prisión de Ourense.

Os campos de concentración serviron como primeiro acollemento de presos de guerra, eran un filtro para identificar ós presos e clasificalos en cinco categorías en función da súa "perigosidade", o que viña determinado pola súa traxectoria política (afiliación partidaria ou sindical, cargo, graduación, informes...). Nos campos funcionaba unha *Comisión de Clasificación de Prisioneros y Presentados*, que dividía ós presos en catro grupos: os do grupo A eran postos en libertade –por non haber cargos contra eles e ter informes de antecedentes políticos positivos- ou ben pasaban ó Exército, os do grupo B eran destinados a Batallóns de Traballadores, en expectativa de recibir novas informacións –eran casos dubidosos–, es os dos grupos C e D eran procesados nalgún sumario aberto normalmente a un colectivo.

En Celanova, en 1938, o 70 por cen dos presos procede de Asturias, estando representadas na poboación reclusa 43 provincias, pero con maior peso as do norte (Asturias, Bizcaia e León), os galegos pasan do 3 por cen. O tramo de idade máis numeroso é o de 22 a 39 anos, e son máis os labregos, seguidos de xornaleiros e mineiros, sumando os tres grupos o 44 %, o 56 % restante está constituido por artesáns, obreiros e empregados de carácter urbano.

En Rianxo (A Coruña), os presos enchían unha fábrica de salazón de peixe, dormían sobre palla enriba dun chan de cemento sempre húmido, e alimentábanse cun cazo de auga quente sen azucre como almorzo, e sopa de fideos con pan para comer e cear. En 1937 había neste campo uns mil homes, case todos asturianos. En 1938 descendeu o número considerablemente, e desde finais dese ano comezaron a chegar presos cataláns, uns catrocentos.

José Enrique Llera, de Asturias, estivo preso nese campo de Rianxo cinco meses. Foi dos primeiros en chegar á fábrica de salazón, cun patio pechado por un muro de tres metros de alto, ó que saían os presos ás sete da mañá para facer ximnasia; segundo escribiu el mesmo (Laruelo, 1999: 186-195) os presos foron utilizados para traballos:

"Durante un mes estuvieron pidiendo todos los días veinte voluntarios para ir a trabajar en la pavimentación del muelle. Nos presentábamos todos pues había muchas ganas de salir a la calle".

O pago por eses traballos para o Concello foi ben escaso: só recibiron uns pitillos. Logo foron empregados no traballo de poñer aceras á rúa Calvo Sotelo, recibiron un xornal dunha peseta diaria.

Para facerlles a filiación eran levados ó local de Falange do pobo onde lles cubrían unha ficha, aquí debían dar tres nomes de persoas que os garantisen. En Vilagarcía de Arousa, no nadal de 1937, fixeron unha colecta de roupa, castañas, noces, viño, mazás e calzado para os presos, pero os militares que vixiaban o presidio quedaron con todo; nos petos da roupa ían os nomes e os enderezos de rapazas que se lles ofrecían como "madriñas", para lavarlles a roupa ou enviarlles paquetes.

"El correo nos lo abrían y los paquetes, también. Estos no llegaban completos, sacaban lo que querían y muchas veces se quedaban con todo. Las cartas las teníamos que entregar abiertas para la censura. Si ponías algo que no les gustaba, la rompían, te llevaban al cuerpo de guardia y te sacudían a placer. Además, en los sobres era obligatorio escribir: "¡Viva Franco!", "¡Arriba España!"

"Todos los días teníamos que cantar el "Cara al Sol", dos veces, por la mañana y por la tarde, al izar y bajar la bandera. Firmes y brazo en alto, parecíamos auténticos hitlerianos. Algunas veces, al azar, elegían a uno para que cantase solo el himno fascista. Al que no lo supiera le daban de palos".

A enfermería de Rianxo dispuña só de seis camas para preto de mil homes. Nunha ocasión desatouse unha pandemia de febres, por toda a nave da fábrica había enfermos tirados con febre alta.

"A los enfermos más graves, nos ordenaron ponerles cerca de la puerta del patio. Como no dejaban cerrar la puerta, había allí mucha corriente; el enfermo cogía una pulmonía y se moría primero. Lo único que les daban para curarles era quinina y un plato de leche cada hora".

Os perigos para os encarcerados non só proviñan das enfermidades, dos piollos, da escasa alimentación, senón tamén dos propios homes:

"Muchas noches, casi siempre poco antes de amanecer, nos ordenaban levantarnos rápidamente y formar. Apagaban las luces y entraban las "chekas" (de Falange). Venidos de Asturias, linterna en mano, estos asesinos nos iban enfocando uno a uno la cara. Cuando reconocían a alguno, le mandaban dar un paso al frente y le esposaban, pues se sentía perfectamente el "clic" de las esposas al cerrarse. Se llevaron de esa forma a muchos camaradas y, poco tiempo después, sentíamos las descargas. Suponemos que los mataban cerca del campo".

"Otros que venían a sacar gente eran los fascistas gallegos, y tam-poco se los llevaban muy lejos. Varias veces intentaron asaltar

el campo, especialmente cuando las tropas autollamadas "nacionales" sufrían muchas bajas o perdían batallas como las de Teruel o Brunete".

En Betanzos os presos só dispuñan dunha fonte para beber e lavarse, mentras no pobo houbo quen lles daba pan e outros que lles venderon alimentos. Neste campo hai presencia en 1939 de cataláns. En Cedeira utilizaban un regato que cruzaba as instalacións para asearse, anque aquí as condicións non parecían moi malas, pero isto dependía das circunstancias de cada un, así, segundo o diario do preso José Mª Álvarez (Laruelo Roa, 1999: 265): "el trato que recibimos es excelente y la comida buena y abundante. Toques de diana y formación para izar la bandera, saludándola. Toque de retreta, igual. Los domingos, misa voluntaria a cargo del cura párroco (...). Libertad para andar por todo el campo alambrado; deportes en la playa, baño y otros juegos y distracciones".

As condicións varían duns campos a outros, pero en xeral as enfermidades que atacan ós reclusos proveñen dunha mala alimentación, do frío, da fatiga, dos malos tratos e da falla de hixiene. No campo de Cedeira facían as necesidades na praia, recollían auga potable tódolos días dunha fonte cun alxibe rodante improvisado: un carro de bois cunha pía enriba.

Cadro 7. Nº de presos políticos en Galicia (datos parciais) en 1938.

	marzo	abril	xunio	agos.	(medias)
Camposancos	1.119	1.134	1.660	2.307	1.555
Cedeira	724	441	304	28	374
Celanova	–	–	–	–	1.252*
Ferrol	–	–	–	–	350
Lugo	–	–	–	–	621*
Monforte	–	–	–	–	143*
Rianxo	349	236	76	913	393
Totais	2.192	2.111	2.040	3.248	Aprox. 4.700

Fontes: elaboración con datos de P. Pascual (2002), D. Teijeiro (1999), Mª J. Souto (1998) e propios. (*) Estancias de máis de 6 meses en Celanova e nº de ingresos por ano en Lugo e Monforte.

Un cálculo estimado para toda Galicia en 1938 sería de 10.000 presos, o dobre do expresado no cadro.

Na táboa podemos ver un resume das patoloxías que producen falecementos en varios campos e cárceres de Galicia:

Cadro 8. Causas de falecemento de presos en Galicia

Causa	Campo-sancos	Celanova	Rianxo	Betanzos	Santiago	Cedeira	Total
Tuberculose	24	16	–	2	2	1	45
Bronconeumonía	5	15	3	–	1	–	24
Cardíaca	10	12	1	–	1	–	24
Fallo renal (uremia, nefrite)	10	3	–	1	–	–	14
Cerebral (embolia, hemo-rraxia, apoplexía)	3	7	2	–	–	–	12
Ap. Dixestivo	3	5	2	1	–	–	11
Caquexia, debi-litamento, desnutrición.	7	1	–	–	–	–	8
Cancro	1	5	–	–	–	–	6
Febre tifoidea	1	2	1	1	–	–	5
Meninxite	1	2	–	–	–	–	3
Septicemia	2	1	1	–	–	–	4
Lesión medular	1	0	–	–	–	–	1
Reumatismo	1	0	–	–	–	–	1
Disparo	1	0	–	–	–	–	1
Coma	1	1	–	–	–	–	2
Aforcamento	–	0	–	–	1	1	2
Traumatismo	–	3	–	–	–	–	3
Outras	–	2	–	–	–	–	2
Non consta	1	1	5	–	–	–	7
Total	72	76	15	5	5	2	175

Fonte: bibliografía.

Dezmaron á poboación reclusa enfermidades infecciosas, como a tuberculose, que atacaba a corpos con baixas defensas pola escasa alimentación e que foi de maior incidencia nos presidios que fóra deles (segundo os datos xerais de causas de morte en España), as neumonías favorecidas pola humidades e o frío, e as infeccións derivadas da falla de hixienes de aglomeracións en lugares insalubres. Á mortalidade por estas causas hai que engadir a motivada directamente pola violencia represiva que se traduce en malos tratos e fusilamentos: o 2 de xullo de 1938 hai fusilamentos en varios lugares de Pontevedra, resultado de trinta consellos de guerra de Camposancos, o total de fusilados é abraiante: 100 nun so día; o 20 de xullo caen 33 máis, o 5 de agosto 8, e en marzo de 1939 13 trasladados de Camposancos ó cárcere de Celanova. En 29

consellos de guerra en Camposancos dictáronse 222 penas de morte (das que se realizan 156), 143 condenas a perpetua (30 anos), 118 a 20 anos, 51 a 15 anos e 9 a 12 anos. Os condenados son afiliados a UGT (24 casos), CNT (21), PCE (20), PSOE (7), JSU (8), Izquierda Republicana (3), PNV (1), e Unión Republicana (1).

Fontes

Arquivos

Arquivo Municipal de Cedeira.
Arquivo Histórico Universitario. Santiago de Compostela.
Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantábrico. Ferrol.
Memoria Histórica Democrática. Ferrol.
Rexistros Civís de Ferrol e bisbarra.
Tribunal Militar Territorial Cuarto. A Coruña.

Fontes orais

José Orenga.

Bibliografía

CABEZAS, JUAN ANTONIO. *Asturias: catorce meses de guerra civil.* G. del Toro. Madrid, 1974.

DÍEZ NICOLÁS, J. *La mortalidad en la Guerra Civil Española. Boletín de la Asociación de Demografía Histórica*. Ano III, nº 1. Madrid, 1985.

LARUELO ROA, M. *La libertad es un bien muy preciado.* Ed. do autor. Gijón. Inclúe CD-Rom con datos nominais de presos. (1999).

PASCUAL, P. *Campos de concentración en España y batallones de trabajadores.* Historia16. Nº 310. Madrid, 2002.

RODRÍGUEZ TEIJEIRO, D. *Longa noite de pedra no mosteiro de San Salvador. Represión e reclusión en Celanova. 1936-1943.* Vía Lactea. A Coruña, 1999.

SOUTO BLANCO, Mª J. *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*. Ediciós do Castro. A Coruña, 1998.

Suárez Martínez, X.M. *Alzamiento y represión en la comarca de Ferrol (1936-1939)*. Tese doutoral. Facultade de Xeografía e Historia, Dpto. Historia Contemporánea. UNED. Madrid, 2000.

VV.AA. *1936, os primeiros días*. Edicións Xerais. Vigo, 1993.

VV.AA. *Una inmensa prisión*. Crítica. Barcelona, 2003.

X. COMOXO, X. COSTA, X. SANTOS. *Rianxo na guerra civil: Campo de concentración de prisioneiros de guerra. 1937-1939*. Concello de Rianxo. A Coruña, 2003.